



**XDO. DO SOCIAL N. 6
VIGO**

SENTENCIA: 00578/2022

TRAVESIA DA CORUÑA, 2-1º LOCAL A, 36209 VIGO
Tfno: 886218430-31,
Fax: 886218432
Correo Electrónico: social6.vigo@xustiza.gal

Equipo/usuario: JO

NIG: 36057 44 4 2021 0006288
Modelo: N02700

SSS SEGURIDAD SOCIAL 0000867 /2021

Procedimiento origen: /
Sobre: SEGURIDAD SOCIAL

DEMANDANTE/S D/ña: *[Firma]*
ABOGADO/A: MARIA DE LOS ANGELES FERNANDEZ GUISANDE

DEMANDADO/S D/ña: INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL
ABOGADO/A: LETRADO DE LA SEGURIDAD SOCIAL

SENTENZA

Vigo, 26 de outubro do 2022.

Visto e oído por min, *[Firma]*, Maxistrado Xuíz do Xulgado do Social nº 6 de Vigo, o procedemento número 867/2021 dos que se seguen neste xulgado, cuxo obxecto o constitúe unha acción de reclamación contra a estimación do grao de invalidez realizada polo Instituto Nacional da Seguridade Social, pronuncio esta sentenza.

Foron partes no procedemento:

1.- demandante: Juan Alonso Rodríguez que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido pola Avogada dona María de los Ángeles Fernández Guisande.

2.- demandados: Instituto Nacional da Seguridade Social, que compareceu no procedemento no seu propio nome e interese, defendido pola Letrada da Seguridade Social dona *[Firma]* González Díos.



ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O día 21/12/2021 a parte demandante presentou no Decanato dos Xulgados do Partido Xudicial de Vigo demanda. Na mesma, logo de expor os feitos e os fundamentos de dereito que tivo a ben, solicitou que se ditase unha sentenza na que se declarara que o traballador don Miguel Ángel Álvarez Fernández achábase en situación de incapacidade permanente no grao de absoluta.

SEGUNDO.- A demanda foi admitida a trámite e se convocou ás partes a xuízo, que tivo lugar o día 24 de outubro do 2022, co resultado que consta na acta. No acto do xuízo practicouse a proba documental, e ambas partes concluíron como tiveron a ben sobre o resultado das probas practicadas.

FEITOS DECLARADOS PROBADOS

PRIMEIRO.- O traballador, don ~~Ángel Álvarez Fernández~~ con DNI 36.063.400-K, que naceu o día 20/06/1965, áchase afiliado ó Réxime Xeral da Seguridade Social co nº 36/00720176/68. A súa profesión habitual fé a de Dependente empregado de comercio. A súa base reguladora acada a cantidade de 1.641,78 euros. O traballador tiña cobertas as continxencias comúns polo INSS (expediente administrativo).

SEGUNDO.- Na data 30/08/2021 o INSS ditou resolución, na que lle recoñeceu ó traballador as prestacións de incapacidade permanente no grao de incapacidade permanente total (expediente administrativo).

TERCEIRO.- O traballador demandante formulou reclamación previa, reclamación que foi desestimada polo INSS na súa resolución do 26/11/2021 (expediente administrativo).

CUARTO.- Don ~~Miguel Ángel Álvarez Fernández~~ presenta na data do feito causante, ditame do Equipo de Avaliación das Incapacidades de data 18/08/2021 o seguinte cadre clínico residual derivado de doença común: taquicardia paroxística supraventricular; trastorno mixto ansioso depresivo; espondiloartrose lumbar. O traballador presenta lene inhibición psicomotriz; non presenta labilidade emocional; ideación de morte espontanea; non ideación heteroagresiva; impulsividade; non se obxectiva ideación delirante; é quen de realizar marcha estable sen apoios externos nin claudicación; presenta axeitado desenvolvemento muscular; os signos de Lassegue e Bragard





ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

negativos bilateralmente; conserva os reflexos osteotendinosos a nivel rotuliano e aquíleo, simétricos.

A disfunción psíquica é moderada/marcada con requerimentos psicofarmacológicos e de seguimento relevantes.

A médica avaliadora do INSS aprecia limitación para actividades con requerimentos lene-moderados de atención, concentración ou interacción social (informe médico de síntese de data 11/08/2021).

QUINTO. - Foi esgotada a vía administrativa previa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. - Exercita no presente procedemento o demandante unha acción dirixida a impugnar a resolución ditada polo INSS o día 30/08/2021 na que determinou que o traballador achábase en situación de incapacidade permanente total, reclamando a condición de incapacitado permanente absoluto.

A primeira precisión que debemos facer atinxe ó concepto tanto de incapacidade permanente parcial, total como de incapacidade permanente absoluta. Establece o artigo 194 da Lei Xeral da Seguridade Social que "3. Se entenderá por incapacidad permanente parcial para la profesión habitual la que, sin alcanzar el grado de total, ocasione al trabajador una disminución no inferior al 33 por 100 en su rendimiento normal para dicha profesión, sin impedirle la realización de las tareas fundamentales de la misma. 4. Se entenderá por incapacidad permanente total para la profesión habitual la que inhabilite al trabajador para la realización de todas o de las fundamentales tareas de dicha profesión, siempre que pueda dedicarse a otra distinta. 5. Se entenderá por incapacidad permanente absoluta para todo trabajo la que inhabilite por completo al trabajador para toda profesión u oficio. 6. Se entenderá por gran invalidez la situación del trabajador afecto de incapacidad permanente y que, por consecuencia de pérdidas anatómicas o funcionales, necesite la asistencia de otra persona para los actos más esenciales de la vida, tales como vestirse, desplazarse, comer o análogos".

Por outra banda, calquera aproximación a ambos conceptos non pode perder de vista que "Nuestro Sistema de Seguridad Social tiene un carácter esencialmente profesional en el que destaca la valoración no solo de las lesiones y limitaciones en sí , sino también su incidencia en el menoscabo funcional u orgánico. Ello, por otra parte, ha de conectarse a los requerimientos físicos exigidos por la profesión habitual



(para la incapacidad permanente total) o la de cualquier otra de las ofrecidas en el mercado laboral (incapacidad permanente absoluta" (sentenza da sección 1ª da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de La Rioja de 29 de novembro de 2011).

Sobre o concepto de profesión habitual compre termos en conta que, como argumenta o Tribunal Supremo na súa sentenza de 27 de abril do 2005, "no cabe identificar, a los efectos de calificación de los grados de la incapacidad permanente, profesión habitual con puesto de trabajo habitual ni con categoría profesional".

Esta precisión revélase como fundamental no intre de valorar a incidencia das limitacións do demandante porque, como indica a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 14 de febreiro do 2014, "en lo que se refiere al concepto de profesión habitual, y como ya ha señalado esta Sala en sentencia de 28- 12- 2011, nº 142/2012, rec. 5156/2009 , la profesión habitual no es ni la categoría profesional, ni el grupo profesional, ni el nivel salarial, ni la agrupación de funciones u otras expresiones, similares; lo que se quiere atender no es la específica incidencia que van a tener las secuelas en el concreto empleo que tiene el trabajador sino algo de mayor significado en la su vida laboral; por ello a la hora de valorar la relación existente entre las secuelas y el grado de incapacidad permanente a reconocer, no admite un reduccionismo conceptual que implique el estudio de las concretas tareas que el interesado realice en un concreto puesto de trabajo, sino que tal relación se completa con el cúmulo de funciones propias de su profesión habitual - plasmándose en la relación profesión/secuelas/capacidad-, sin que pueda admitirse una ampliación de ese concepto mediante el método de identificar profesión habitual con la pertenencia de ella a un determinado grupo profesional, nivel o agrupación".

Xa que logo, non se trata de valorar as actividades ou tarefas precisas no seu concreto posto de traballo, senón no seu grupo profesional, nivel ou agrupación. No caso que nos ocupa o demandante é Depdente de comercio.

SEGUNDO.- Para a resolución da controversia concreta da que tratamos debemos ter en conta tamén que é presuposto para a apreciación de calquera das incapacidades ás que aludimos no fundamento anterior que as doenzas que padeza o demandante, tal como require o nº 1 do artigo 193 da Lei Xeral da Seguridade Social, teñan a circunstancia da permanencia: "1. La incapacidad permanente contributiva es la situación del trabajador que, después de haber estado sometido al tratamiento prescrito, presenta reducciones anatómicas o





ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN
DE XUSTIZA

funcionales graves, susceptibles de determinación objetiva y previsiblemente definitivas, que disminuyan o anulen su capacidad laboral. No obstará a tal calificación la posibilidad de recuperación de la capacidad laboral del incapacitado, si dicha posibilidad se estima médica como incierta o a largo plazo.

Las reducciones anatómicas o funcionales existentes en la fecha de la afiliación del interesado en la Seguridad Social no impedirán la calificación de la situación de incapacidad permanente, cuando se trate de personas con discapacidad y con posterioridad a la afiliación tales reducciones se hayan agravado, provocando por sí mismas o por concurrencia con nuevas lesiones o patologías una disminución o anulación de la capacidad laboral que tenía el interesado en el momento de su afiliación”

A primeira precisión que debemos fazer é que o estado psicofísico da demandante resulta do Informe Médico de Síntese de data 11/08/2021 engadido ó procedemento administrativo, que non se ve contradito co contido dos informes médicos achegados ó procedemento.

Do contido do relato dos feitos probados podemos apreciar que o demandante padece un trastorno psíquico que condiciona unha afectación da súa capacidade de atención, concentración e interacción social de xeito moderado/marcado, con tal intensidade que o limita para actividades con requerimentos lene/moderados de atención, concentración e interacción social, todo elo acompañado de relevantes requerimentos psicofarmacolóxicos e de seguimento.

Nesta condición non parece posible que o demandante realice de xeito económico rendible unha actividade, por sinxela que esta sexa, pois todas profesións, incluso as más sinxelas, requiren de, cando menos, algunha capacidade de atención, concentración ou interacción social. O demandante ten limitación incluso para aquellas que presenten requerimentos lenes de tal caste, polo que debe ser declarado en situación de incapacidade permanente absoluta.

A demanda debe ser acollida.

TERCEIRO.- Consonte o contido da letra c) do apartado 3 do artigo 191 da Lei Reguladora da Xurisdicción Social, contra



esta resolución cabe interpor recurso de suplicación nos termos previstos no Título II do Libro III da devantida Lei.

DAQUELA

XULGO

ACOLLO a demanda interposta por ~~o traballador demandante~~ contra o Instituto Nacional da Seguridade Social.

DECLARO que o traballador demandante don ~~o traballador demandante~~ áchase en situación de incapacidade permanente absoluta.

CONDENO ó INSS a estar e pasar polas consecuencias desta declaración.

Notifíquese a presente resolución ás partes, facéndollelles saber que contra a mesma poderán interpoñer **recurso de suplicación** perante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que deberán preparar neste Xulgado do Social dentro do prazo de **cinco días** a contar desde o seguinte ao de notificación da presente sentenza, consonte o previsto nos artigos 190 e seguintes da vixente Lei Reguladora da Xurisdición Social, segundo o establecido na Disposición transitoria segunda do mesmo texto legal, debendo, se fose a empresa condenada quen recorre, presentar resgado acreditativo de ingresar o importe da condena na conta de Depósitos de consignaciones aberta no SANTANDER S.A. a nome desta oficina xudicial, número ES5500493569920005001274, debendo indicar no campo "concepto" 5425-0000-65-0867-21, así como de efectuar o depósito de 300 euros na mesma conta corrente a que anteriormente fixose alusión, determinando a non achega dos indicados resgados a non admisión a trámite do recurso, podendo substituirse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval solidario de duración indefinida e pagadeiro a primeiro requerimento emitido por entidade de crédito.

Así por esta sentenza o pronuncio, mano e asino.

La difusión del texto de esta resolución a partes no interesadas en el proceso en el que ha sido dictada sólo podrá llevarse a cabo previa disociación de los datos de carácter personal que los mismos contuvieran y con pleno respeto al derecho a la intimidad, a los derechos de las personas que requieran un especial deber de tutelar o a la garantía del anonimato de las víctimas o perjudicados, cuando proceda.

Los datos personales incluidos en esta resolución no podrán ser cedidos, ni comunicados con fines contrarios a las leyes

